

REGULAMENTO DA COMISIÓN DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

PREÁMBULO

O artigo 1.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo determina que: «O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e a lingua de uso normal das súas actividades», polo que a universidade promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que garantan o uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.

A aprobación do Regulamento do uso da lingua galega en 2015 supuxo un avance formal nos compromisos da Universidade de Vigo a prol da protección e da promoción do galego. Para dar seguimento á normativa vixente na institución universitaria, o presente regulamento ten como finalidade regular a estrutura, as funcións e as normas de funcionamento da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.

1. DA COMISIÓN

Artigo 1. Creación

Créase a Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Natureza

A Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo é o órgano colexiado de natureza consultiva cuxas funcións serán propor as directrices en materia de política lingüística e impulsar o uso da lingua galega en todos os ámbitos da vida universitaria.

Artigo 3. Composición

3.1. Forman parte da Comisión de Política Lingüística da Universidade de Vigo, os membros seguintes:

- a) A reitora ou reitor, ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) A vicerreitora ou vicerreitor con competencias en materia de política lingüística.
- c) A directora ou director da Área de Normalización Lingüística, que actuará como secretaria ou secretario.
- d) Sete decanas, decanos, directoras ou directores de centros, ou a persoa en quen deleguen.
- e) Dúas ou dous representantes do persoal de administración e servizos (PAS).
- f) Tres representantes do alumnado.

3.2. Son membros natos da comisión, a reitora ou reitor, a vicerreitora ou vicerreitor con competencias en política lingüística e a directora ou director da Área de Normalización

Lingüística. Ata que se acade un número de centros con comisións de normalización lingüística igual ou superior a sete, as decanas, decanos, directoras e directores dos centros nos que si existe esa comisión serán membros natos.

3.3. Teñen categoría de membros convidados ás reunións da comisión, con voz e sen voto, o resto de decanas, decanos, directoras e directores de centros que non sexan membros da comisión.

3.4. O Consello de Goberno nomeará os membros non natos da Comisión de Política Lingüística por un mandato de dous anos, de acordo coas seguintes regras:

- a) Procurarase garantir unha representación equilibrada por xénero e por campus.
- b) Os membros do PAS e do alumnado nomearanse en función do acordo previo acadado polos respectivos representantes no Consello de Goberno, e non será preciso que a persoa elixida goce de tal condición.
- c) Os postos dispoñibles para decanas, decanos, directoras e directores de centros cubriranse de xeito voluntario para o primeiro mandato, e sortearanse de existir máis solicitudes ca postos. No caso de existir máis postos ca solicitudes, se houberse baixas ou, en todo caso, transcorridos os dous anos correspondentes ao primeiro mandato, as vacantes ocuparanse segundo a orde alfabética da denominación propia dos centros da Universidade de Vigo, sen ter en conta o xenérico «Escola» ou «Facultade» e sen prexuízo do disposto no apartado a).

Artigo 4. Funcións

Son funcións da Comisión de Política Lingüística:

- d) Constituír unha comisión permanente e, cando se considere necesario, crear grupos de traballo que poden contar co asesoramento de expertas e de expertos.
- e) Propor medidas de normalización e dinamización da lingua galega nos diferentes ámbitos da Universidade de Vigo (docencia, investigación, administración e servizos), de acordo co Regulamento do uso da lingua galega.
- f) Proporlle ao Consello de Goberno novos desenvolvementos normativos en materia de política lingüística.
- g) Velar polo cumprimento da normativa en vigor en materia de protección e promoción da lingua galega.
- h) Elaborar un informe consultivo de seguimento anual que avalíe os resultados das medidas de protección e promoción do idioma galego.
- i) Aprobar o plan de actuación anual das comisións de normalización lingüística dos centros e a proposta de recursos que a universidade lles adxudique para as súas actuacións.
- j) Solicitar os informes, propostas, estudos e ditames relacionados coa política lingüística da lingua galega que se consideren pertinentes.
- k) Todas as que lle asigne o Consello de Goberno de acordo coa normativa da Universidade de Vigo.

2. DA PRESIDENCIA, DA SECRETARÍA E DOS MEMBROS

Artigo 5. Da presidencia

A reitora ou reitor, ou a persoa en quen delegue, presidirá esta comisión.

Correspóndelle á presidencia:

- a) Exercer a representación da comisión delegada.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelas por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e as certificacións dos acordos da comisión.
- g) Exercer todas as outras funcións que este regulamento e as disposicións concordantes lle atribúan, así como as inherentes na condición da presidencia da comisión.

Artigo 6. Da secretaría

Correspóndelle á secretaria ou secretario:

- a) Convocar as sesións da comisión, por orde da presidencia.
- b) Recibir as comunicacións que os membros lle efectúen á comisión.
- c) Preparar o contido dos asuntos tratados, redactar e autorizar as actas das sesións.
- d) Expedir as certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- e) Custodiar, arquivar as actas e publicar os acordos.
- f) Todas as outras funcións inherentes á condición do seu cargo.

Artigo 7. Dos membros

Correspóndelles aos membros da comisión:

- a) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o dereito de voto e formular votos particulares, e expresar o sentido do voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular suxestións e preguntas.
- e) Obter a información necesaria para cumprir as funcións asignadas.
- f) Todas as outras funcións inherentes á súa condición.

3. NORMAS DE FUNCIONAMIENTO

Artigo 8. Convocatoria

8.1. A secretaria ou secretario elabora a convocatoria da comisión por orde da presidencia e irá acompañada da orde do día.

Unha cuarta parte, como mínimo, dos membros da comisión poden solicitar unha reunión extraordinaria ou a inclusión dalgún punto á orde do día dunha sesión; neste segundo caso, cunha antelación mínima de 48 horas ao inicio da sesión correspondente.

8.2. Así mesmo, a comisión, por maioría absoluta de todos os membros, a comezos da sesión pode:

- a) Incluír, tratar e decidir sobre asuntos non comprendidos na orde do día, se están presentes todos os membros.
- b) Alterar a orde do tratamento dos puntos incluídos.

8.3 As convocatorias das sesións levaranse a cabo, preferentemente, por medios telemáticos aos enderezos electrónicos institucionais proporcionados pola universidade cunha antelación de polo menos dez días naturais, se se trata dunha reunión ordinaria, ou de polo menos cinco días naturais, se é extraordinaria. Coa convocatoria achegárase unha copia da documentación pertinente.

Artigo 9. Reunións da comisión

9.1. A comisión reunirse, de maneira ordinaria, polo menos dúas veces ao ano e, de maneira extraordinaria, sempre que o determine a presidencia, ou o solicite unha cuarta parte dos membros.

9.2. A comisión queda validamente constituída en primeira convocatoria se están presentes polo menos a metade máis un dos membros, entre os cales ten que estar a presidenta ou presidente e a secretaria ou secretario. No suposto de que non se logre este quórum, a segunda convocatoria terá lugar media hora máis tarde da hora fixada; neste caso, o quórum necesario será polo menos as dúas quintas partes dos membros. Igualmente teñen que estar presentes a presidenta ou presidente e a secretaria ou secretario. A asistencia á comisión ten carácter persoal.

9.3. Ao comezo da sesión establécese a listaxe das persoas asistentes.

9.4. De cada sesión a secretaria ou secretario redacta a correspondente acta co visto e prace da presidencia.

Artigo 10. Adopción dos acordos

10.1. Os acordos tómanse por maioría simple dos membros asistentes á comisión.

10.2. O voto non é delegable.

10.3. As votacións son a man alzada, agás se algún membro da comisión solicita o voto secreto.

10.4. No caso de empate, a presidenta ou presidente dirime co seu voto.

10.5. Os acordos son efectivos a partir do momento en que se aproban.

Artigo 11. Comisión permanente

11.1. A comisión ten que nomear unha comisión permanente, que estará constituída por seis membros: a reitora ou reitor ou persoa en quen delegue; a directora ou director da Área de Normalización Lingüística; dúas ou dous representantes das direccións de centro; unha ou un representante do PAS e unha ou un representante do estudantado.

11.2 Son funcións da comisión permanente:

- a) Elaborar a orde do día das reunións
- b) Asesorar a presidenta ou presidente
- c) Velar polo cumprimento dos acordos do pleno
- d) Coordinar as actuacións dos grupos de traballo que se poidan crear, de acordo co artigo 4 b), do xeito que considere máis axeitado e pertinente.

11.3 A comisión permanente reunirase, cando menos, tres veces ao ano. Ademais, reunirase sempre que o determine a presidencia ou o solicite unha cuarta parte dos membros.

Artigo 12. Modificación ou revisión

A iniciativa de reforma do presente regulamento correspóndelle á presidencia ou a unha cuarta parte dos membros.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1. Este regulamento entra en vigor o día seguinte de aprobalo o Consello de Goberno.

2. Para todo o non recollido neste regulamento aplicarase o que dispón a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; os Estatutos da Universidade de Vigo e o resto da normativa que sexa de aplicación da Universidade de Vigo.